



Concello de Ortigueira

INFORME ECONOMICO-FINANCEIRO

Que en relación co Orzamento Xeral do Concello para o ano 2017 se emite polo Alcalde para dar cumprimento ó disposto no artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLFL, en adiante) e artigo 18.1 e) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, Decreto Orzamentario (RD 500, en adiante).

PRIMEIRO: BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACION DOS INGRESOS

As previsións do Estado de Ingresos do Orzamento Xeral calculáronse en función dos seguintes datos:

* Impostos, taxas e precios públicos:

Tendo en conta os datos relativos a dereitos recoñecidos que se desprenden da última liquidación aprobada, a do exercicio 2015.

Cabe destacar non obstante, o incremento no IBI derivado da incidencia do procedemento de regularización catastral (inspección de valores catastrais non declarados). Tal incremento cuantificouse en base á comunicación feita por escrito dende o Servizo de Recadación da Deputación da Coruña, ente que ostenta a delegación en materia de recadación deste tributo municipal. O incremento que se consolida en exercicios posteriores como incremento da base imponible do imposto, estimouse segundo a comunicación referida en 114.157,95€.

* As transferencias correntes e de capital que tódolos anos se veñen concedendo, as xa concedidas e as comprometidas polas distintas Administracións Públicas.

Neste apartado cabe destacar que se incluíron en previsións de capítulo 4, os importes que este Concello ten previsto realizar con cargo ás subvencións percibidas pola Deputación mediante o programa POS + 2017 e concretamente respecto as cantidades destinadas a gasto corrente (420.000,00) e a facturas pendentes por importe de 230.000,00€.

O Concello Pleno será coherente con estas previsións orzamentarias que serán completadas ata agotar a contía total destinada a este Concello no devandito programa. Unha vez outorgadas éstas, se incorporarán ao orzamento mediante a correspondente modificación orzamentaria.

A inclusión destas achegas nos orzamentos de 2017 estimouse conveniente tendo en conta que xa se coñece a contía destinada ao Concello e depende da vontade deste en exercicio da súa autonomía, a distribución da achega provincial sempre respectando os criterios establecidos nas bases do programa e atendendo á satisfacción das necesidades que o Concello estime axeitadas dentro das finalidades previstas no dito programa.

* O capítulo 5 de ingresos orzamentouse partindo dos dereitos recoñecidos en exercicios anteriores e fundamentalmente nos acordos reguladores dos cánones por ocupación dos parques eólicos.



Concello de Ortigueira

Con estas bases utilizadas para o cálculo dos ingresos se confecciona o orzamento de gastos, donde se recollen os créditos necesarios para atender as obrigas exixibles a esta entidade, así como os gastos derivados do funcionamento dos servizos que esta presta

SEGUNDO: NON EXISTEN OPERACIONS DE CREDITO PREVISTAS

Como pode observarse na Memoria da Alcaldía, neste exercicio non está prevista a apelación a crédito .

TERCEIRO: CARGA FINANCEIRA

Orzáméntanse nos capítulos 3 e 9 os gastos derivados da carga financeira da entidade, tanto polo que se refire á amortización de débeda como de pagamento de intereses derivados dos préstamos con entidades financeiras que actualmente son tres. O orzamento é coherente co estado demostrativo da débeda en canto á súa situación e movementos, facendo remisión neste punto a el.

CUARTO: SUFICIENCIA DE CREDITOS

Os créditos incluídos no Estado de Gastos son suficientes para dar cumprimento ás obrigas esixibles e para permitir o normal funcionamento dos servizos que presta a Entidade.

QUINTO: NIVELACION ORZAMENTARIA

Pódese concluir, polo tanto, que o Orzamento para o ano 2017 está nivelado, tanto dende o punto de vista formal, como dende un análise da correlación ingresos-gastos, polo que se cumpre co principio legal recollido no artigo 165 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais de que o Orzamento debe aprobarse sen déficit inicial. Asimesmo o Presuposto formulado supón unha situación de estabilidade presupostaria en termos de capacidade de financiación.